

FÍSICA CUÁNTICA APLICADA Á DANZA

TALLER DE DANZA CUÁNTICA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

14 novembro 2025

Horario: de 17:00 a 21:00 h

DIRECCIÓN: Paula Quintas, Héctor Álvarez Pol

Inscrito no marco do programa de actividades que o IGFAE, o CESGA e o CGAC organizan con motivo da Semana da Ciencia, este taller propón un encontro entre ciencia e arte, no que se explorará como os principios da física cuántica —superposición, incerteza, entrelazamento e observación— poden inspirar novas formas de creación e movemento na danza contemporánea.

A través de exercicios corporais, improvisacións guiadas e reflexións teóricas, as persoas participantes experimentarán coa relación entre o corpo, a enerxía e a percepción. Investigarase como a presenza do observador ou observadora pode alterar a realidade escénica, como múltiples posibilidades coreográficas poden coexistir e como o movemento pode chegar a ser unha metáfora do comportamento cuántico.

O taller convida artistas, bailaríns e, en xeral, a calquera persoa que sinta curiosidade pola danza e pola física cuántica a habitar o espazo entre o visible e o invisible, o tanxible e o potencial, xerando unha práctica que combina pensamento científico, intuición corporal e experimentación escénica.

PAULA QUINTAS (Ourense, 1983) é bailarina, artista circense, coreógrafa, pedagoga e xestora cultural. Cursou un mestrado en Artes Escénicas na Universidade Rey Juan Carlos e, na actualidade, investiga sobre os límites e as confluencias das artes corporais dentro do programa de doutoramento en Creación e Investigación na Arte Contemporánea da Universidade de Vigo. A súa compañía, Paula Quintas-Cía, leva dez anos producindo espectáculos de formatos e disciplinas diversas. Hibridar a danza e o circo é a súa marca. Cun traballo que se distingue polo diálogo entre o corpo e o movemento, é quen de xerar unha compoñente visual e experiencial a partir de códigos contemporáneos. Entre os seus espectáculos máis recentes destacan *Aurora boreal* (2025) e *Multiperspectivas* (2021-2024).

HECTOR ÁLVAREZ POL (Ribas de Sil, Lugo, 1972) é profesor no Departamento de Física de Partículas da USC e investigador do IGFAE, e move o seu corpo a ritmo de tango. Introducirá as persoas que participen no taller nos elementos básicos e as interaccións fundamentais da física como ferramentas centrais na conversa coa danza contemporánea.



Inscrito en el marco del programa de actividades que el IGFAE, el CESGA y el CGAC organizan con motivo de la Semana de la Ciencia, este taller propone un encuentro entre ciencia y arte, en el que se explorará cómo los principios de la física cuántica —superposición, incertidumbre, entrelazamiento y observación— pueden inspirar nuevas formas de creación y movimiento en la danza contemporánea.

A través de ejercicios corporales, improvisaciones guiadas y reflexiones teóricas, las personas participantes experimentarán con la relación entre el cuerpo, la energía y la percepción. Se investigará cómo la presencia del observador u observadora puede alterar la realidad escénica, cómo múltiples posibilidades coreográficas pueden coexistir y cómo el movimiento puede llegar a convertirse en una metáfora del comportamiento cuántico.

El taller invita a artistas, bailarines y, en general, a cualquier persona que sienta curiosidad por la danza y la física cuántica a habitar el espacio entre lo visible y lo invisible, lo tangible y lo potencial, generando una práctica que combina pensamiento científico, intuición corporal y experimentación escénica.

PAULA QUINTAS (Ourense, 1983) es bailarina, artista circense, coreógrafa, pedagoga y gestora cultural. Cursó un máster en Artes Escénicas en la Universidad Rey Juan Carlos y, actualmente, investiga sobre los límites y las confluencias de las artes corporales dentro del programa de doctorado en Creación e Investigación en el Arte Contemporáneo de la Universidad de Vigo. Su compañía, Paula Quintas-Cía, lleva diez años produciendo espectáculos de formatos y disciplinas diversas. Hibridar la danza y el circo es su seña de identidad. Con un trabajo que se distingue por el diálogo entre el cuerpo y el movimiento, es capaz de generar un componente visual y experiencial a través de códigos contemporáneos. Entre sus espectáculos más recientes destacan *Aurora boreal* (2025) y *Multiperspectivas* (2021-2024).

HÉCTOR ÁLVAREZ POL (Ribas de Sil, Lugo, 1972) es profesor en el Departamento de Física de Partículas de la USC, investigador del IGFAE y mueve su cuerpo a ritmo de tango. Introducirá a las personas que participen en el taller en los elementos básicos y las interacciones fundamentales de la física como herramientas centrales en la conversación con la danza contemporánea.

PERSOAS DESTINATARIAS

O taller está dirixido a persoas interesadas no corpo como ferramenta expresiva e nas curiosidades relacionadas coa física cuántica.

PRAZAS: 24

INSCRIPCIÓN

A participación no obradoiro é de balde. Para inscribirse, as persoas interesadas deberán enviar a cgac.prensa@xunta.gal unha mensaxe cos seguintes datos: nome completo, estudos, área de traballo ou interese, enderezo electrónico e teléfono de contacto.

Cada solicitante recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación.

Podrá inscribirse un máximo de dúas persoas por solicitude. As prazas cubriranse por orde de inscrición.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN: do 4 ao 12 de novembro de 2025

COORDINACIÓN: Carmen Hermo

PERSONAS DESTINATARIAS

El taller está dirigido a cualquier persona interesada en el cuerpo como herramienta expresiva y en las curiosidades relacionadas con la física cuántica.

PLAZAS: 24

INSCRIPCIÓN

La participación en el taller es gratuita. Para inscribirse, las personas interesadas deberán enviar a cgac.prensa@xunta.gal un correo electrónico con los siguientes datos: nombre completo, estudios, área de trabajo o interés, dirección de correo electrónico y teléfono de contacto.

Cada solicitante recibirá un mensaje electrónico de confirmación.

Podrá inscribirse a un máximo de dos personas por solicitud. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción.

PLAZO DE INSCRIPCIÓN: del 4 al 12 de noviembre de 2025

COORDINACIÓN: Carmen Hermo